

HOJA DE INFORMACIÓN PARA ANESTESIA EN EDAD PEDIÁTRICA

Su hijo va a ser sometido a una intervención quirúrgica o exploración diagnóstica dolorosa/molesta que requiere anestesia. Somos conscientes de que esta situación puede generar en su hijo, así como en todos los miembros de la familia incertidumbre, inseguridad e incluso miedo. En el Servicio de Anestesiología de este Hospital trabajamos para minimizar el impacto que esto pueda tener en sus vidas. A continuación intentaremos facilitar información práctica y complementaria a la hoja de Consentimiento Informado. Por favor, no dude en solicitar más información o apoyo, estaremos encantados de facilitárselo.

QUÉ EXPLICAR A SU HIJO

A menos que su hijo sea muy pequeño, debe intentar explicarle lo que va a suceder:

- Que tendrán que acudir al hospital.
- Que va a ser sometido a una operación o prueba médica.
- Alguna información básica sobre lo que les sucederá cuando estén en el hospital.

El mejor momento para proporcionar esta información será diferente dependiendo del niño. Los niños en edad preescolar probablemente solo necesiten saberlo el día anterior. Los niños mayores pueden necesitar más tiempo.

Algunas ideas de qué decirle a su hijo:

- Explique que la operación o la prueba ayudarán a su hijo a mejorar.
- Anime a su hijo a hablar sobre la operación y hacer preguntas. Material como libros, juegos e historias pueden ayudar.
- Coméntele a su hijo cuando será la operación o la prueba y cuanto tiempo será su estancia en el hospital.

Si su hijo permanecerá ingresado durante la noche, hágale saber que usted también se podrá quedar con él.

PREPÁRENSE PARA INGRESAR EN EL HOSPITAL

Traer objetos familiares puede disminuir en el niño la sensación de encontrarse en un lugar extraño, es por eso que le recomendamos que traiga consigo un juego, juguete... con el que su hijo se sienta identificado, así como al menos unas zapatillas para poder caminar con normalidad por nuestras instalaciones (hemos incorporado un parque, así como salas de juegos, escuela...).

QUÉ HACER CON LA MEDICACIÓN CRÓNICA

Algunos niños toman medicación de forma habitual, si este es el caso no la suspenda el día de la intervención, salvo que se le diga expresamente lo contrario. La medicación oral puede ser administrada con una pequeña cantidad de agua hasta 1 hora antes de la intervención, adelante la pauta ligeramente si fuese necesario.

Es especialmente importante que aquellos niños que son tratados con inhaladores los reciban como todos los días. En caso de que su hijo use salbutamol (Ventolin) adminístraselo antes de la intervención de forma preventiva.

CUÁNDO DEJAR DE COMER Y BEBER ANTES DE UNA ANESTESIA

Desde el hospital les facilitaremos instrucciones claras sobre cuándo dejar de comer y beber. Es importante seguir estas instrucciones ya que si hay comida o líquido en el estómago durante la anestesia, ésta podría llegar hasta los pulmones y dañarlos.

Los niños se sienten mucho más cómodos si no tienen que esperar más de lo necesario sin comer y beber. Puede darles los siguientes alimentos:

Hasta 6 horas antes	COMIDA LIGERA Y LÍQUIDOS NO CLAROS (incluye leche)	A los bebés alimentados con leche artificial puede dárseles un biberón de fórmula con cereales. Cualquier cantidad requiere 6h de ayuno.
Hasta 4 horas antes	LECHE MATERNA	Intente darle una última toma 4h antes para evitar ayunos prolongados.
Hasta 2 horas antes	LÍQUIDOS CLAROS	Puede beber sin restricciones: hará que se sienta más confortable.
Hasta 1 horas antes	LÍQUIDOS CLAROS	Puede tomar cantidades moderadas (hasta 3mL/kg).

*Líquidos claros (o transparentes): agua, zumos sin pulpa (zumo de manzana), bebidas isotónicas, consomés (sin ningún tipo de partículas) e infusiones. Las bebidas con burbujas no forman parte de este tipo de líquidos.

EL MOMENTO DE IR AL QUIRÓFANO

Antes de entrar en el quirófano les proporcionaremos un pijama infantil, pudiendo mantener su ropa interior. En la entrada de quirófano el anestesista al cargo les visitará para discutir la anestesia de su hijo y realizará preguntas sobre su salud, anestésicos previos, medicaciones que esté tomando y cualquier alergia que pueda tener. Puede aprovechar este momento para tratar cualquier inquietud que le haya surgido, pudiendo ser útil traer de casa una lista de las preguntas que quiera hacer.

Ocasionalmente podemos valorar que es más seguro demorar el procedimiento. Esto podría suceder si su hijo tiene fiebre, bronquitis, malestar general, una erupción en la piel de reciente aparición o si ha comido alimentos más allá del periodo permitido. En estas situaciones la operación se retrasará unas horas o hasta otro día.

A la hora de entrar en el quirófano puede que su hijo camine hasta la sala, pase en una cama o en una camilla, o que sea transportado en brazos. Podrá llevar al quirófano un juguete o una manta para que lo acompañe.

La anestesia puede iniciarse mientras su hijo está sentado o acostado en una camilla, incluso los niños más pequeños pueden ser anestesiados sentados en el regazo. Pondremos todo nuestro empeño en que la experiencia resulte lo más agradable posible, sin comprometer la seguridad del niño. Utilizaremos gas o una inyección para iniciar la anestesia, lo que habremos acordado con el niño y con usted de antemano.

Como norma general en niños mayores inyectamos fármacos través de una vena como medio para inducir el sueño de forma rápida. En niños pequeños que no portan una vía, la anestesia se iniciará con gas, para lo que utilizaremos una máscara. Desafortunadamente los gases anestésicos no huelen bien (huelen parecido a rotuladores) y lleva un poco de tiempo (uno o dos minutos) que la medicación haga efecto.

EL MOMENTO DE SALIR DEL QUIRÓFANO

La mayoría de los niños se despiertan en una sala de recuperación postanestésica (Sala de Despertar). Cada niño es atendido por una enfermera especializada que se asegura de que su hijo esté cómodo, pudiendo administrar medicación extra para el dolor u otros medicamentos según sea necesario. Le avisaremos para que acompañe a su hijo durante éste proceso. Un anestésista estará cerca para poder ayudar si fuese necesario.

Muchos niños muestran signos de confusión o angustia cuando se despiertan, lo que es más frecuente en niños por debajo de la edad escolar. Algunos de ellos se agitan mucho y pueden llorar, rodar sobre sí mismos o sacudir brazos y piernas; este comportamiento suele tener una duración limitada de alrededor de 30 minutos. Las enfermeras de la sala de recuperación están familiarizadas con esta situación y le aconsejarán sobre la mejor manera de consolarlo y tranquilizarlo. Sería muy interesante informar a su anestésista si su niño ha experimentado este tipo de angustia en el pasado para intentar evitar un nuevo episodio.

ALIVIO DEL DOLOR

Se administrarán medicamentos para aliviar el dolor durante la anestesia y garantizar que su hijo se despierte lo más cómodo posible. El tipo de alivio del dolor dependerá del procedimiento, el anestésista y el cirujano. En todo momento su hijo será atendido por un equipo especializado que se asegurará de que esté cómodo pudiendo administrar medicación extra para aliviar el dolor u otras molestias si fuese necesario.

Si se realiza una técnica de anestesia regional, se produce de forma intencionada insensibilidad al dolor y disminución de la fuerza muscular que se irán recuperando de forma progresiva, pudiendo durar el efecto varias horas.

VUELTA A CASA

A menudo es posible que su hijo regrese a casa el día de la operación o procedimiento. En este caso se le proporcionará una pauta de medicamentos clara y por escrito para aliviar el dolor. Probablemente prescribamos aquellos fármacos que habitualmente utiliza cuando está enfermo. Tenga presente que de forma general, es mejor administrar los medicamentos para el dolor de forma regular y no saltar tomas.

Si va a llevar a su hijo a casa el día de la operación, le proporcionaremos un número de contacto para llamar si le surgen inquietudes. Durante el traslado algunos niños se sienten mareados o enfermos en el camino a casa, es algo frecuente y no alarmante. Prepárese para posibles eventualidades.

Después de la intervención algunos niños encuentran inquietante una visita al hospital, otros no duermen bien o pueden estar especialmente mimosos y preocupados por dejarle. Tenga en cuenta que su comportamiento puede ser diferente al previo, generalmente volverán a la normalidad dentro de tres a cuatro semanas.

QUÉ HACER SI SU HIJO ENFERMA

Llame al Servicio de Admisión del Hospital al teléfono 981950024 (llame de lunes a viernes entre 9:00 y 14:00) si su hijo tiene fiebre, tos o resfriado, diarrea o vómitos en los días previos al de la operación. Puede ser mejor retrasar la intervención hasta que haya mejorado. Del mismo modo informe al personal del hospital si su hijo ha estado recientemente en contacto con la varicela.

VACUNACIÓN

La vacunación reciente no afecta el resultado de la cirugía, pero pueden aparecer posibles efectos secundarios como fiebre leve, irritabilidad o somnolencia. Tras la vacunación con vacunas vivas atenuadas (Triple vírica, Varicela, Tetra vírica, Rotavirus, Polio oral, Tuberculosis, Fiebre tifoidea y Fiebre amarilla) no hay razón para retrasar el procedimiento si el niño está bien a su llegada a quirófanos. En el resto de vacunaciones se recomienda retrasar la cirugía al menos 48 horas.

En el caso de que su hijo vaya a ser sometido a cirugía mayor, la evaluación de riesgos debe ser más exhaustiva. Registre la fecha de vacunación reciente e informe al personal quirúrgico y anestésico para que esto se pueda tener en cuenta al tratarlo después de la operación.

No existe ninguna contraindicación para la vacunación inmediatamente después de la cirugía, una vez que el niño esté bien y se haya recuperado del procedimiento. Tenga en cuenta que la demora en la vacunación aumenta el riesgo de infección en el niño y la gran importancia de completar el programa de vacunación tanto para él como para la comunidad.

FOLLA DE INFORMACIÓN PARA ANESTESIA EN IDADE PEDIÁTRICA

O seu fillo vai ser sometido a unha intervención cirúrxica ou exploración diagnóstica dolorosa/molesta que require anestesia. Somos conscientes de que esta situación pode xerar no seu fillo, así como en todos os membros da familia incerteza, inseguridade e mesmo medo. No Servizo de Anestesioloxía deste Hospital traballamos para minimizar o impacto que isto poida ter nas súas vidas. A continuación tentaremos facilitar información práctica e complementaria á folla de Consentimento Informado. Por favor, non dubide en solicitar máis información ou apoio, estaremos encantados de facilitarlllo.

QUE EXPLICAR Ó SEU FILLO

A menos que o seu fillo sexa moi pequeno, debe tentar explicarlle o que vai suceder:

Que terán que acudir ó hospital.

Que vai ser sometido a unha operación ou proba médica.

Algunha información básica sobre o que lles sucederá cando estea no hospital.

O mellor momento para proporcionar esta información será diferente dependendo do neno. Os nenos en idade preescolar probablemente só necesiten sabelo o día anterior. Os nenos maiores poden necesitar máis tempo.

Algunhas ideas de que dicirlle ó neno:

Explique que a operación ou a proba axudarán ao seu fillo para mellorar.

Anime ao seu fillo para falar sobre a operación e facer preguntas. Material como libros, xogos e historias poden axudar.

Coméntelle ao seu fillo cando será a operación ou a proba e canto tempo será a súa estancia no hospital.

Se o seu fillo permanecerá ingresado durante a noite, fágalle saber que vostede tamén se poderá quedar con el.

PREPÁRENSE PARA INGRESAR NO HOSPITAL

Traer obxectos familiares pode diminuír no neno a sensación de atoparse nun lugar estraño, é por iso que lle recomendamos que traia consigo un xogo, xoguete... co que o seu fillo se sinta identificado, así como polo menos unhas zapatillas para poder camiñar con normalidade polas nosas instalacións (incorporamos un parque, así como salas de xogos, escola...).

QUE FACER COA MEDICACIÓN CRÓNICA

Alguns nenos toman medicación de forma habitual, se este é o caso non a suspenda o día da intervención, salvo que se lle diga expresamente o contrario. A medicación oral pode ser administrada cunha pequena cantidade de auga ata 1 hora antes da intervención, adiante a pauta lixeiramente se fose necesario.

É especialmente importante que aqueles nenos que son tratados con inhaladores o reciban como todos os días. No caso de que o seu fillo use salbutamol (Ventolin) adminístrello a noite anterior e a mañá da intervención de forma preventiva.

CANDO DEIXAR DE COMER E BEBER ANTES DUNHA ANESTESIA

Desde o hospital facilitarémolles instrucións claras sobre cando parar de comer e beber. É importante seguir estas instrucións xa que se hai comida ou líquido no estómago durante a anestesia, esta podería chegar ata os pulmóns e danalos.

Os nenos sintense moito máis cómodos se non teñen que esperar máis do necesario sen comer e beber. Pode darlles os seguintes alimentos:

Ata 6 horas antes	COMIDA LIXEIRA E LÍQUIDOS NON CLAROS (inclúe leite)	Aos bebés alimentados con leite artificial pode dárselles un biberón de fórmula con cereais. Calquera cantidade require 6 h de xaxún.
Ata 4 horas antes	LEITE MATERNO	Tente darlle unha última toma 4 h antes para evitar xaxúns prolongados.
Ata 2 horas antes	LÍQUIDOS CLAROS	Pode beber sen restricións: fará que se sinta máis comfortable.
Ata 1 horas antes	LÍQUIDOS CLAROS	Pode tomar cantidades moderadas (ata 3 mL/kg).

*Líquidos claros (ou transparentes): auga, zumes sen pulpa (zume de mazá), bebidas isotónicas, consomés (sen ningún tipo de partículas) e infusións. As bebidas con burbullas non forman parte deste tipo de líquidos.

O MOMENTO DE IR Ó QUIRÓFANO

Antes de entrar no quirófano proporcionaremoslles un pixama infantil, podendo manter a súa roupa interior. Xa na entrada de quirófano o anestesista ao cargo visitaralles para discutir a anestesia do seu fillo e realizará preguntas sobre a súa saúde, anestésias previas, medicacións que estea a tomar e calquera alerxia que poida ter. Pode aproveitar este momento para tratar calquera inquietude que lle xurdira, podendo ser útil traer da casa unha lista das preguntas que queira facer.

Ocasionalmente podemos valorar que é máis seguro demorar o procedemento. Isto podería suceder se o seu fillo ten febre, bronquite, malestar xeral, unha erupción na pel de recente aparición ou se comeu alimentos máis aló do período permitido. Nestas situacións a operación atrasarase unhas horas ou ata outro día.

Á hora de entrar no quirófano poida que o seu fillo camiñe ata a sala, pase nunha cama ou nunha padiola, ou que sexa transportado en brazos. Poderá levar ao quirófano un xoguete ou unha manta para que o acompañe.

A anestesia pode iniciarse mentres o seu fillo está sentado ou deitado nunha padiola, incluso os nenos máis pequenos poden ser anestesiados sentados no colo. Poñeremos todo o noso empeño en que a experiencia resulte o máis agradable posible, sen comprometer a seguridade do neno. Utilizaremos gas ou unha inxección para iniciar a anestesia, o que acordaríamos co neno e con vostede de antemán.

Como norma xeral en nenos maiores inxectamos fármacos través dunha vea como medio para inducir o soño de forma rápida. En nenos pequenos que non portan unha vía, a anestesia iniciárase con gas, para o que utilizaremos unha máscara. Desafortunadamente os gases anestésicos non cheiran ben (cheiran parecido a rotuladores) e leva un pouco de tempo (un ou dous minutos) que a medicación faga efecto.

O MOMENTO DE SAÍR DO QUIRÓFANO

A maioría dos nenos espértanse nunha sala de recuperación postanestésica (Sala de Espertar). Cada neno é atendido por unha enfermeira especializada que se asegura de que o seu fillo estea cómodo, podendo administrar medicación extra para a dor ou outros medicamentos segundo sexa necesario. Avisarémolle para que acompañe ao seu fillo durante este proceso. Un anestesista estará preto para poder axudar se fose necesario.

Moitos nenos mostran signos de confusión ou angustia cando se espertan, o que é máis frecuente en nenos por baixo da idade escolar. Algúns deles axítanse moito e poden chorar, rodar sobre si mesmos ou sacudir brazos e pernas; este comportamento adoita ter unha duración limitada de ó redor de 30 minutos. As enfermeiras da sala de recuperación están familiarizadas con esta situación e aconsellaránlle sobre a mellor maneira de consolalo e tranquilizalo. Sería moi interesante informar o seu anestesista se o seu neno experimentou este tipo de angustia no pasado para tentar evitar un novo episodio.

ALIVIO DA DOR

Administraranse medicamentos para aliviar a dor durante a anestesia e garantir que o seu fillo se esperte o máis cómodo posible. O tipo de alivio da dor dependerá do procedemento, o anestesista e o cirurxián. En todo momento o seu fillo será atendido por un equipo especializado que se asegurará de que estea cómodo podendo administrar medicación extra para aliviar a dor ou outras molestias se fose necesario.

Se se realiza unha técnica de anestesia rexional, prodúcese de forma intencionada insensibilidade á dor e diminución da forza muscular que se irán recuperando de forma progresiva, podendo durar o efecto varias horas.

VOLTA A CASA

A miúdo é posible que o seu fillo regrese a casa o día da operación ou procedemento. Neste caso proporcionaráselle unha pauta de medicamentos clara e por escrito para aliviar a dor. Probablemente prescribamos aqueles fármacos que habitualmente utiliza cando está enfermo. Teña presente que de forma xeral, é mellor administrar os medicamentos para a dor de forma regular e non saltar tomas.

Se vai levar ao seu fillo a casa o día da operación, proporcionarémolle un número de contacto para chamar se lle xorden inquietudes. Durante o traslado algúns nenos séntense mareados ou enfermos no camiño a casa, é algo frecuente e non alarmante. Prepárese para posibles eventualidades.

Despois da intervención algúns nenos atopan inquietante unha visita ó hospital, outros non dormen ben ou poden estar especialmente mimosos e preocupados por deixarlle. Teña en conta que o seu comportamento pode ser diferente ao previo, xeralmente volverán á normalidade dentro de tres a catro semanas.

QUE FACER SE O SEU FILLO ENFERMA

Chame ao Servizo de Admisión do Hospital ó teléfono 981950024 (chame de luns a venres de 9:00 a 14:00) se o seu fillo ten febre, tose, está arrefriado, ou se comeza con diarrea ou vómitos nos días previos ó da operación. Pode ser mellor atrasar a intervención ata que se mellore. Do mesmo xeito informe ó persoal do hospital se o seu fillo estivo recentemente en contacto coa varicela.

VACINACIÓN

A vacinación recente non afecta o resultado da cirurxía, pero poden aparecer posibles efectos secundarios como febre leve, irritabilidade ou somnolencia. Tras a vacinación con vacinas vivas atenuadas (Tripla vírica, Varicela, Tetra vírica, Rotavirus, Polio oral, Tuberculose, Febre tifoidea e Febre amarela) non hai razón para atrasar o procedemento se o neno está ben á súa chegada a quirófanos. No resto de vacinacións recoméndase atrasar a cirurxía polo menos 48 horas.

No caso de que o seu fillo vaia a ser sometido a cirurxía maior, a avaliación de riscos debe ser máis exhaustiva. Rexistre a data de vacinación recente e informe ao persoal cirúrxico e anestésico para que isto se poida ter en conta despois da operación.

Non existe ningunha contraindicación para a vacinación inmediatamente despois da cirurxía, unha vez que o neno estea ben e recuperado do procedemento. Teña en conta que a demora na vacinación aumenta o risco de infección no neno e a gran importancia de completar o programa de vacinación tanto para el como para a comunidade.